

Luns, 18 de abril de 2022

Núm. 73

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

**ROSAL, O**

#### **Ordenanzas e Regulamentos**

##### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO CON HORARIO LIMITADO GRATUITO-ZONA AZUL*

*Anuncio de aprobación definitiva da modificación da Ordenanza reguladora do estacionamento con horario limitado gratuito-zona azul do concello do Rosal*

O Pleno do Concello do Rosal, en sesión ordinaria do día 3 de febreiro de 2022, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora do estacionamento con horario limitado gratuito-zona azul do concello do Rosal.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza reguladora do estacionamento con horario limitado gratuito-zona azul do Concello do Rosal, cuxo texto faise público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

“...

Artigo 3º

1. A área de aplicación da zona de regulación do estacionamento, denominada “Servizo de Zona Azul”, comprenderá a Rúa Ramón Franco, limitado aos tramos comprendidos entre os números 3 a 9 e 17 a 23 e á Rúa Cabaqueiros dacordo co plano que se incorpora como Anexo I á presente Ordenanza.

... “

Contra o presente Acordo, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

A ALCALDESA,

Asdo. Ánxela Fernández Callís

